

918 GAU

Arantza Santesteban, 2021

1014

ESTREA EN NUMAX: 30.09.2020 | V.O.S.E. | 65 min | +16

4 de outubro de 2007, Arantza (a directora do filme), é detida e levada a prisión. Daqueles días conserva algúns recordos: as interminables voltas polo patio, os campionatos de natación, o periplo carcerario de Rasha... Despois de pasar 918 noites pechada, Arantza sae á rúa. Agora ten unha vida por diante que continuar. Unha luz tenue, cos seus claros e escuros, alumea a relectura crítica do arquivo de imaxes e palabras que conserva. Seguir a narración supón abandonarse a unha historia de ritmo quebrado. A mirada de perfil dos seus personaxes recórdanos a invisibilidade das experiencias que buscan un lugar político desde o vulnerable, o imperfecto e o ousado.

«A directora sae dos rexistros máis previsibles cara a outro tipo de intimidade e lirismo: as dunha nova vida, as da liberdade»

Diego Batlle, OTROS CINES



Notas da directora

As cartas que recibín durante a miña estancia en prisión sempre estiveron nunha caixa de cartón en casa dos meus pais. Cando ía visitalos, adoitaba pasar por diante.

Mirábaa, pero non quería abri-la. Unicamente un día, 6 anos despois de abandonar o cárcere, senteime e comecei a sacar as cartas e as fotografías que conformaban aquel arquivo. Miles de caligrafías, de fotos e de mensaxes de apoio apareceron ante min. Foi entón cando me dei de conta do gran valor que tiña ese arquivo, non só pola súa valía emocional, senón tamén polo sentido visual que contiña.

Xa empezara os meus estudos de cinema algúns anos atrás e foi nese momento cando decidín facer unha película con todo iso. Comecei a reler as cartas e tiven emocións contraditorias. Por unha banda, sentía unha profunda gratitude ante todas esas mensaxes de ánimo. Conmovíame pensar en todos os afectos que gardaban: foran importantísimas para poder sostirme mentres duraron aqueles anos encerrada. Con todo, algo xeraba en min un grande estrañamento. Había anos que abandonara o cárcere cando as lin e sentía que eu cambiara moito durante eses anos. Atopaba pegadas que formaban parte do meu pasado pero que non falaban de min na actualidade.

A vivencia do cárcere é complexa. Indubidablemente, é unha situación hostil para quen a padece, nun marco onde as relacións de desigualdade marcan o cotián. As relacións de poder entre a propia institución e as persoas presas, entre as presas locais e as presas estranxeiras, entre as brancas e as negras, entre as presas políticas e as presas comúns. Non hai un único relato sobre o cárcere, o que sucede é que os estereotipos non permiten desvelar outras formas de estar nos mundos que habitamos. Aprendín que a diversidade e a diferenza entre as persoas, o singular de cada cal, non é algo que se poida borrar facilmente. É por iso, que esta película fala dunha colectividade e un tempo común desde unha visión subxectiva.

Existen dúas cuestións que para min supuxeron un gran reto á hora de abordar esta película: por unha banda, contar a miña vivencia no cárcere a partir dun limitado arquivo de fotografías e cartas.

Como cineasta, obsesioname a escaseza de recursos para contar un mundo tan invisible como é o cárcere: a persoa presa non dispón de cámaras ou teléfonos móbiles, tampouco de conexión a internet. Como contar sen apenas imaxes aquel período? Para iso utilicei as fotografías que os meus achegados/as enviaban desde o exterior, contrastando cunhas poucas imaxes que eu puiden obter no interior. Estas fotografías falan dos dous mundos e requiren unha atención especial: están cargadas de detalles visuais que son moi reveladores para mostrar a relación de tensión entre o mundo de fóra e o de dentro.

Outro gran reto nesta película foi a fusión de dous tempos. O pasado, vinculado á vivencia en prisión, e o presente, que fai referencia ao período de despois da prisión. Para iso, utilicei dous tipos de imaxes; as do pasado, fotografías e algunhas cartas filmadas, que foron reveladoras no devir da miña experiencia. Doutra banda, utilicei imaxes filmadas na actualidade. Esta disociación entre o arquivo e as imaxes actuais, foi unha forma de fiar os recordos do pasado coas reflexións do presente dando lugar a unha película onde ambos os tempos aparecen fusionados.

Chris Marker dicía, que ao contrario do que a xente pensa, usar a primeira persoa nun filme pode ser un signo de humanidade: todo o que se ten é ofrecerse a unha mesma. É o que tentei nesta película.